

Mellora da conducta dos nenos e nenas na casa.

A continuación presentamos estratexias para aplicar con nenos e nenas que manifestan comportamentos especialmente difíciles.

A. Cando un neno ten un capricho, pide as cousas de malos modos ou chorando.

- Ignoramos as súas maneiras ata que cambie de actitude, sen discutir.
- Se continúa chorando levamos ao neno/a ao seu cuarto explicándolle que mentres chore permanecerá no mesmo lugar. Ausentámonos do cuarto.
- Cando sucede nun supermercado, podemos explicar as consecuencias que vai ter esa situación pero en voz alta para que a xente que está ao redor poida escoitar. Isto fará que nos sintamos máis cómodos. Non podemos ceder para evitar a vergoña.

B. Mal comportamento nos aniversarios.

- Mercar un bo regalo (isto non significa que sexa caro). Isto dará máis probabilidades de aceptación. O neno non ten que coñecer esta estratexia.
- Avisaremos da festa ao neno no último momento, para que evitar nervios.
- Levaremos ao rapaz máis tarde que os demais. O momento principal da tarta pode ser un bo momento.
- Marchará pronto, pero non o primeiro.
- En casa recordaremos as cousas que pasaron na festa. Se tivo problemas ou conflitos buscaremos a forma alternativa para resolvelos.

C. Nun restaurante non para quieto e sempre acaba por tirar algo.

- Non emocionar ao neno en exceso.
- Colocalo nun sitio no que poda ver entrar e saír xente.
- Podemos incluso entrenalo previamente, levándoo a restaurantes máis informais.
- Levar unha caderno para que poda pintar ou un conto, xoguete pequeno (non caer na chantaxe de: “ se non me deixas a caderno, xogo ou conto, non como”).
- Que se sente na mesa o máis tarde posible.
- Permitimos que vaia ao baño mentres non ven o primeiro prato.
- Mentres estea comendo deberá permanecer no asento.
- Se é un neno mal comedor, non pediremos unha comida que lle cree dificultades.
- Para evitar que tire cousas ensinaremoslle onde colocar o vaso. Felicítamos por colocalo ben.
- Recordaremos as normas de comportamento durante a comida se quere conseguir o postre: sentado mentres come, pedir permiso para ir ao baño, pode levantarse entre pratos (sen molestar nin correr, se molesta volverá ao seu asento), o vaso ben colocado, comer correctamente, sen berrar. Se o neno enumera as normas poderá elixir o postre.